

Prezada/o socia/o,

O vindeiro **martes** día **15 de abril** celebraremos a **assemblea ordinaria anual** na **Galería Sargadelos** a partir das **20.15**, dacordo coa seguinte orde do día:

1º- Lectura e aprobación (se procede) da acta da Asemblea Xeral Ordinaria anterior.

2º- Lectura e aprobación (se procede) dos balanços económico e de actividades do período 2007-2008.

3º- Elección da nova Xunta Directiva.

4º- Inscripción no novo Rexistro de entidades de carácter ambiental.

5º- Propostas de actuación para o período 2008-2009.

Trataremos de forma especial o tema da **manifestación** convocada para o **venres 25 de abril**, que conta co apoio de numerosos grupos e colectivos, e pola que reclamamos da Consellería de Medio Ambiente que non outorgue ás autorizacións ambientais a ENCE e a ELNOSA, xa que non cumpren os requisitos esixidos pola lei.

As continuas declaracións do Conselleiro, nas que deixa nas mans das empresas a solución á ubicación ilegal de ENCE e ELNOSA, deixan translucir a falta de vontade política para dar solución ao problema e unha atitude de sometemento do goberno galego aos intereses empresariais. Que foi do acordo programático do goberno galego que aseguraba a desaparición do complexo da nosa ría?

Dentro das actividades previstas para este mes, lembre tamén que a **cea anual** será o vindeiro **venres** día **18 de abril** no Restaurante Mochi a partir das 22 h, o autobús partirá da Praza do Concello ás 21.30, o prezo do bono, que inclúe o desprazamento será de 20€. Podedes reservar a través do enderezo de correo: [apdr@apdr.info](mailto:apdr@apdr.info) ou nos teléfonos: Agra (637 08 13 22), María (635 63 26 07) e Antón (666 62 14 38).

**Temos que impedir a concesión das autorizacións a CELULOSAS e a ELNOSA; só coa mobilización social seremos quen de conquerilo.**

**MANIFESTACIÓN  
IMPIDAMOS A CONSOLIDACIÓN DE ENCE-ELNOSA  
VENRES 25 DE ABRIL ÁS 20:30 H NA PRAZA DA FERRERIA**

Unha aperta,

A secretaría

Asdo. María Peón